

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

8043 *REAL DECRETO 477/2006, do 21 de abril, polo que se modifica o Real decreto 377/2003, do 28 de marzo, polo que se regula o procedemento para a tramitación e concesión das axudas sociais ás persoas con hemofilia ou outras coagulopatías conxénitas, que desenvolvesen a hepatite C como consecuencia de ter recibido tratamento con concentrados de factores de coagulación no ámbito do sistema sanitario público. («BOE» 108, do 6-5-2006.)*

A Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no seu artigo 80, encomendoulle ao Goberno a elaboración dun censo das persoas con hemofilia ou outras coagulopatías conxénitas que, como consecuencia de ter recibido tratamento con concentrados de factores de coagulación no ámbito do sistema sanitario público, desenvolvesen a hepatite C.

Así mesmo, no punto 4 do citado artigo prevíase a elaboración dun proxecto de lei no cal se establecesen as condicións e a contía da axuda social a que poderían acceder as persoas incluídas no mencionado censo.

Para a elaboración do censo creouse unha comisión ministerial, regulada pola Orde do Ministerio de Sanidade e Consumo do 21 de marzo de 2000. Con carácter previo, e en desenvolvemento do disposto no artigo 80.2 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, mediante Orde do Ministerio de Sanidade e Consumo do 18 de xaneiro de 2000, pola que se designa o Comité técnico para a determinación dos criterios de inclusión no censo de hemofílicos, previsto no artigo 80.2 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, designouse o Comité técnico que debía determinar os criterios médicos para a inclusión dos posibles afectados no mencionado censo.

O censo definitivo de persoas afectadas aprobouno o 21 de novembro de 2000 a Comisión ministerial e foi publicado coas garantías exixidas polo artigo 80.1 da Lei 55/1999, do 29 de decembro.

Posteriormente, en cumprimento do disposto no artigo 80.4 da citada Lei 55/1999, procedeuse, mediante a Lei 14/2002, do 5 de xuño, pola que se establecen axudas sociais ás persoas con hemofilia ou outras coagulopatías conxénitas que desenvolvesen a hepatite C como consecuencia de ter recibido tratamento con concentrados de factores de coagulación no ámbito do sistema sanitario público, e outras normas tributarias, a regular as condicións e a contía das axudas sociais ás que poden acceder as persoas incluídas no censo de afectados, que se fixou en 18.030,36 euros.

Pola súa vez, na disposición adicional primeira da Lei 14/2002, do 5 de xuño, prevese que, mediante desenvolvemento regulamentario, se regule a posibilidade de que poidan percibir as axudas previstas nela, aquelas persoas que non figuren incluídas no censo definitivo pero que reúnan, conforme circunstancias obxectivas e debidamente acreditadas, os requisitos exixidos.

Para estes efectos, o Real decreto 377/2003, do 28 de marzo, establece no seu artigo 6 o procedemento e os requisitos para solicitar a inclusión no censo das persoas afectadas que non estaban incluídas no aprobado con data do 21 de novembro de 2000.

Posteriormente, o Comité técnico de expertos analizou a evolución dos coñecementos científicos e técnicos da enfermidade, así como o seu diagnóstico, chegando a constatar os seguintes datos: unha porcentaxe entre o dous e o seis por cento das cirroses hepáticas post-hepatite C poden cursar con transaminasas con valores normais en diferentes momentos evolutivos da enfermidade, mentres que arredor do 25 por cento dos pacientes con hepatite C crónica presentan uns niveis de transaminasas persistentemente normais. Consecuentemente chegouse á conclusión, por unanimidade dos membros do Comité técnico, de que os niveis normais das transaminasas non poden descartar a enfermidade, polo que esta proba non se pode considerar como excluínte para poder optar a ser incluído no censo. A teor de tal conclusión, nas reunións do Comité técnico do 26 de outubro de 2004 e 19 de setembro de 2005, aprobáronse os novos requisitos para a inclusión no mencionado censo.

Co fin de poder aplicar os novos requisitos para a inclusión no censo, apróbase este real decreto polo que se modifican o artigo 6.2 e o anexo IV do Real decreto 377/2003, do 28 de marzo.

Este real decreto dítase de conformidade co establecido na disposición adicional primeira da Lei 14/2002, do 5 de xuño.

Na elaboración desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e oídos os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de abril de 2006,

DISPÓN O :

Artigo único. *Modificación do Real decreto 377/2003, do 28 de marzo, polo que se regula o procedemento para a tramitación e concesión das axudas sociais ás persoas con hemofilia ou outras coagulopatías conxénitas, que desenvolvesen a hepatite C como consecuencia de ter recibido tratamento con concentrados de factores de coagulación no ámbito do sistema sanitario público.*

O Real decreto 377/2003, do 28 de marzo, polo que se regula o procedemento para a tramitación e concesión das axudas sociais a persoas con hemofilia ou outras coagulopatías conxénitas, que desenvolvesen a hepatite C como consecuencia de ter recibido tratamentos con concentrados de factores de coagulación no ámbito do sistema sanitario público, queda modificado como a seguir se indica:

Un. O punto 2 do artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«2. A solicitude poderá formularse utilizando o modelo contido no anexo III, e deberá acompañarse, en sobre cerrado, da documentación exixida no punto 2.1 do anexo II, xustificando que se reúnen os seguintes requisitos:

a) Ser hemofílico ou padecer unha coagulopatía conxénita.

b) Ter recibido tratamento con concentrados de factores de coagulación no ámbito do sistema sanitario público.

c) Ter desenvolto a hepatite C, acreditándoo mediante a presenza de anticorpos Anti-VHC ou RNA-VHC.»

Dous. Substitúese o anexo IV polo que figura como anexo deste real decreto.

Disposición transitoria única. *Prazo de solicitude.*

As persoas que teñan xa coñecemento de ter desenvolvido a hepatite C e cumpran os requisitos establecidos neste real decreto, poderán solicitar a inclusión no censo no prazo de catro meses contados a partir da súa entrada en vigor.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de abril de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Consumo,
ELENA SALGADO MÉNDEZ

ANEXO

"ANEXO IV

Modelo de certificado do centro sanitario público

D./D.^a, xefe/a do Servizo de Hematoloxía/Hemoterapia do Hospital

CERTIFICA que D./D.^a, con nacionalidade, con NIF ou NIE n.º (ou, no seu defecto, número de pasaporte), e con domicilio en, CP, provincia de, rúa, n.º, piso, segundo consta no seu historial clínico n.º, desde o ano, padece a enfermidade de

Hemofilia $\left\{ \begin{array}{l} A \quad \square \\ B \quad \square \end{array} \right.$

Outras coagulopatías \square (Tipo)

conxénitas

Que recibiu hemoderivados neste centro público desde o ano, que o segue recibindo, sendo o último
Que lle foron aplicados en centros públicos do sistema sanitario español.

Que así mesmo, como demostración de que desenvolveu a hepatite C, reúne o seguinte requisito exigido no Real decreto 477/2006, que modifica os criterios de inclusión fixados no artigo 6.2 do Real decreto 377/2003, do 28 de marzo, que desenvolve a disposición adicional primeira da Lei 14/2002, do 5 de xuño:

§ Presenza de anticorpos Anti-VHC positivo ou RNA-VHC positivo.

SI NON

Así mesmo, constan no seu historial clínico os seguintes rexistros:

a) Outras probas diagnósticas que confirman o desenvolvemento da hepatite C:

b) Medidas terapéuticas específicas de hepatite C, con resultado de negativización da PCR. SI NON

Non se aplicaron medidas terapéuticas

Todo isto de acordo coa disposición adicional primeira da Lei 14/2002, do 5 de xuño, e para efectos da súa inclusión, se procede, no censo de persoas con hemofilia ou outras coagulopatías conxénitas que desenvolvesen a hepatite C como consecuencia de ter recibido tratamento con concentrados de factores de coagulación no ámbito do sistema sanitario público, e que non figuraba incluída no censo aprobado o 21 de novembro de 2000 pola comisión xestora creada no seo do Ministerio de Sanidade e Consumo, en desenvolvemento do artigo 80 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

En, o de de 200.....

Presidente da Comisión de avaliación.

Censo de persoas con hemofilia ou outras coagulopatías conxénitas que desenvolvesen a hepatite C"